

XXXIV ENCONTRO

Galego-Portugués de Educadores/as pola Paz

Raia, Castro Laboreiro-Entrimo - 24, 25 e 26 de abril de 2020

A raia do encontro. Profesorado galego refuxiado na raia durante os primeiros anos da represión franquista.

Centro Cívico de Castro Laboreiro. Casa da Cultura de Entrimo

Raia Galego Portuguesa entre o marco 2 e o 53

O **XXXIV Encontro Galego-Portugués de Educadores/as pola Paz** pretende constituír un espazo de compartir e de diálogo entre profesores/as, educadores/as e persoas interesadas na memoria histórica da solidariedade galego-portuguesa na raia seca. Dámoslle continuidade á nosa traxectoria de promovermos prácticas educativas e de acción colectiva da cidadanía que promovan unha cultura de paz en todos os contextos sociais e educativos. Esta cultura acadarase "quando os cidadáos do mundo comprenderem os problemas mundiais, terem a capacidade de resolver os conflitos e lutar pola justiça de forma non violenta, observarem as normas internacionais de dereitos humanos e de justiça, apreciarem a diversidade cultural e respeitarem a Terra e o próximo" (Axenda da Haia). A axenda da Haia propón aínda unha educación radicalmente diferente para as xeracións futuras: na contra de glorificar a guerra, educar para a paz, para a non violencia e para a cooperación internacional. Por iso, vale a pena acreditar que a educación lanza as sementes para construír o futuro, mais un futuro con paz, cidadanía e vida inclusiva.

A educación na Galiza xa tivo noutra época eses principios de democracia, liberdade e xustiza, mais o fascismo reaccionou violentamente co propósito de desenterrar as raíces de calquera brote de pensamento disidente. Docentes e outras persoas demócratas da Galiza republicana en 1936 conseguiron fuxir dunha morte segura grazas á solidariedade de milleiros de veciños/as da raia galego-portuguesa. Uns e outras merecen ser recordados e a súa memoria formar parte da educación das novas xeracións da raia e doutras terras galegas e portuguesas. As palabras do galeguista de Grou, Bieito Fernández, aforran calquera outro comentario: *"Unha das cousas que me comoveu xa no primeiro intre, foi o celo e a rapidez destas mulleres para avisar ós refuxiados en canto se decataban da presenza dos gardas ¿Procedería o pobo galego do mesmo xeito se os portugueses se visen en iguais circunstancias ca nós?"*

Os **Encontros Galego-Portugueses de Educadoras/es pola Paz**, ademais da loita de 34 anos pola paz e a xustiza, queren nesta oportunidade actuar na práctica, facendo posible algo de xustiza con esas persoas que combateron o fascismo dos Estados Español e Portugués, dando leccións de solidariedade que non poden continuar a ser ignoradas, polo grande valor pedagóxico que atesouran.

📌 Obxectivos:

- Afondar nas relacións educativas e culturais de Galicia e Portugal.
- Fundamentar a educación para a paz mediante o recurso a fontes e estudos históricos.
- Mostrar ao profesorado galego biografías de referentes históricos da profesión.
- Coñecer realidades históricas xeográficas e culturais da fronteira galego portuguesa.
- Participar dun encontro de debate horizontal entre docentes, favorecendo as actividades lúdicas e dinámicas.

📌 Organización:

- Educadores/as pola Paz – Nova Escola Galega (NEG)
- AGAPPAZ.
- Facultade de Educación e Traballo Social. Universidade de Vigo – Campus de Ourense.

📌 Apoios:

- Cámara Municipal de Melgaço.
- Concello de Entrimo.

- Casa do Professor de Chaves.
- Junta de Freguesia de Castro Laboreiro e Lamas de Mouro.
- Núcleo de Estudos e Pesquisa de Montes Laboreiro.
- Sindicato dos Professores do Norte/A Páxina da Educación.
- CEIP Entrimo.
- Agrupamento de Escolas de Melgaço.
- Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.
- Consellería de Educación. Xunta de Galicia.

PROGRAMA (PROVISORIO)

☞ Sexta feira, venres, 24 de abril

16:00 h.- Recepción no Centro cívico de Castro Laboreiro, con xogos cooperativos, coordinado por Belén Piñeiro (NEG).

17:30 h.- Abertura e boas vindas.

- Educadores/as pola Paz – Nova Escola Galega.
- Universidade de Vigo – Campus de Ourense.
- AGAPPAZ.
- Cámara Municipal de Melgaço.
- Concello de Entrimo.
- Junta de Freguesia de Castro Laboreiro e Lamas de Mouro.

18:00 h.- Mesa redonda: *A raia da amizade: do Penedo dos Tres Reinos ao Baixo Miño.*

Oradores/as:

- Representante Asociación de Amigos do Couto Mixto.
- Antonio Lourenço Fontes, Padre e Referente da Antropología rural da raia.
- Santiago Veloso, Ponte... nas Ondas!
- Román Alonso, Profesor e Historiador.

Moderadoras:

- Marilia Ruivo, Universidade Senior de Chaves.
- Fátima Torre, Agrupamento de Escolas Dr. Júlio Martins, Casa do Professor de Chaves, Alto Tâmega e Barroso.

20:30 h. Jantar/Cea.

21:30 h. Punto de Encontro (espazo aberto para pór en común perspectivas e ideas).

Dinamiza: Branca N. Guerreiro Muñoz, inspectora educativa (Provincia de Lugo) – AGAPPAZ – (NEG).

☞ Sábado, 25 de abril

9:00 h.- Presentación de experiencias e comunicacións sobre persoas exiliadas e perseguidas que encontraron refuxio na raia:

- *As dimensións do fenómeno represor do maxisterio en Galicia*, por Narciso de Gabriel, Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña – (NEG).

Biografías do exilio en terras castrexas:

- *Guerrilleiros e refuxiados en Castro Laboreiro*, por Américo Rodrigues, Núcleo de Estudos e Pesquisa dos Montes Laboreiro.
- *Eudosia Lorenzo*, a cargo de Paul Feron Lorenzo, fillo.
- *Señor Afranio*, por Xosé Manuel Malheiro, Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña – (NEG).
- *Luis Soto*, por Antón Costa Rico. Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela – (NEG).

- *Señor Inacio*, por Xosé Manuel Cid Fernández. Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo - (NEG).
- *José Pena Domínguez e Bieito Fernández*, por Deibe Fernández Simo.
- *Recuperación da Memoria Histórica da Comarca*, por Carlos Morais, Asociación de Memoria Histórica do Val do Limia.
- *Testemuños de Castro Laboreiro*.

Moderadoras:

- Cristiana Madureira, Coordinadora Pedagógica, Centro Internacional de Ensino e Investigación Fernão de Magalhães.
- María Victoria Carrera. Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo - (NEG).
- Carmen Diaz Simón - (NEG).

13:00 h. Traslado a Entrimo.

13:30 h. Almoço/Xantar en Entrimo.

16:00 h. *Homenagem do Concelho de Entrimo ao povo de Castro Laboreiro pela solidariedade demonstrada no período da represi3n franquista*.

- Ângela Ferreira, Secretaria de Estado de Cultura.
- Ramón Alonso López, Alcalde do Concello de Entrimo.
- Manoel Batista Calçada Pombal, Presidente da Câmara de Melgaço.
- Alfredo Domingues, Presidente da Junta de Freguesia de Castro Laboreiro e Lamas de Mouro.
- Carlos Morais, Asociación de Memoria Histórica do Val do Limia.
- Amenizado por Músicas tradicionais galegas e portuguesas.

Oficinas/Obradoiros simultáneos (cada persoa participa unicamente nunha oficina/obradoiro, a escoller entre as/os seguintes :

- Oficina 1/Obradoiro 1 – *Camiñada pela serra ata os acochos emblemáticos de persoas refuxiadas galegas protexidas pola comunidade castrexa*. Américo Rodrigues, Deibe Fernández Simo, Carlos Morais, Vizinhos/as de Castro Laboreiro.

Coordinan: Alicia González Barreiro, Nuria Diéguez García.

- Oficina 2/Obradoiro 2 – *“Outros obradoiros habituais nos encontros”*, que se organizan dependendo da demanda detectada na matrícula, orientados por Bernardo Carpentre, Maria Amélia Rua, Lurdes Lista.

19:30. h. Coloquio: *A abordaxe dos problemas actuais nas institucións educativas. Cuestión de educadores/as, familias ou forzas da orde?*

- Cathryn Jeanne Teasley Severino, Universidade da Coruña - (NEG).
- Beatriz García-Ramos, mestra de Educación Infantil.
- Rita Martins, UTAD.
- Representante do Agrupamento de Escolas de Melgaço.

21:00 h. Jantar/Cea e Festa da Paz, coa participación do Grupo musical “Mata Bicho” e de Xosé Constenla.

Dinamizan; Nardo Carpentre e Belén Piñeiro - (NEG).

[☞ Domingo, 26 de abril](#)

9:30 h. Avaliación do Encontro.

Moderadoras:

- Marisa Gamallo Bouzo, CEIP A Ponte/ Educadores/as pola Paz - (NEG)
- Silvia Puga Castro, orientadora do CPI Domingo Fontán - (NEG)

11:30 h. Presentación da *Revista Galega de Educación*.

Foto da Paz e Largada da pomba.

Encerramento.

A participación en actividades illadas é aberta á comunidade, con especial destaque dos actos de homenaxe.

A organización dispón un espazo con actividades para as crianzas, familiares dos/as participantes neste encontro.

👉 Presentación de comunicacións e experiencias:

As persoas que queiran presentar experiencias ou comunicacións deberán informar á organización e enviar o resumo das mesmas. Solicítase que estes resumos sexan feitos en soporte informático e enviados por correo electrónico para: americoperes@gmail.com.

En función do tempo dispoñíbel e do número de comunicacións, a organización poderá seleccionar aquelas que considere máis relevantes polo seu contido e/ou relación co tema central do encontro.

Data límite de entrega: 15 de abril de 2020.

👉 Certificación:

Seralles entregado un certificado ás persoas participantes, así como a quen presenten comunicacións/experiencias. O Encontro será acreditado por Nova Escola Galega para docentes galegos/as e pola Universidade de Vigo para outros participantes.

👉 Inscricións:

Inscricións por correo electrónico, acompañadas de comprobante de pagamento e xustificación da condición de estudante e de desempregado/a para:

Galiza:

Educadores pola paz – Nova Escola Galega

Santiago de Compostela – Galiza

Tel. 981562577 – e-mail: neg@neg.gal

ABANCA (Nova Escola Galega) IBAN ES77 2080 0300 8530 4008 9500

Prezos:

1. Inscrición e pensión completa en cuarto duplo: (non inclúe xantar/almorzo domingo)

a) Socios/as das entidades involucradas, desempregados/as, até ao día 15 de abril: 95€; despois desa data: 105€.

b) Restantes persoas: 105€ até ao día 15 de abril; despois desa data 120€.

Para facilitar o aloxamento ao maior número de persoas, non haberá cuartos individuais, excepto en casos debidamente autorizados pola organización. Nestes casos pagarase un suplemento de 40€.

c) Acompañantes: 75 euros.

Prezos especiais para estudantes universitarios e para crianzas, consultar no correo electrónico: xcid@uvigo.es

2. Só inscrición:

a) Até ao día 15 de abril, socios/as das entidades involucradas, estudantes e desempregados/as: 25€. Restantes persoas: 30€.

b) Despois do día 15 de abril, socios/as das entidades involucradas, estudantes e desempregados/as: 35€. Restantes persoas: 40€.

- O prezo dun xantar/cea é de 15€ para persoas que non escollen pensión completa.